

Vivir en OLEIROS

Toda a actualidade en: www.oleiros.org

Concello de  Oleiros

Número 86 • Marzo 2026



**Avances para a senda
Naval-Canide**

Páxina 5

Caso pechado: ABSOLUCIÓN

A demolición das ruínas de Casa Carnicero no 2020 evitou incalculables desgrazas humanas ante a inminente caída dun muro sobre a N-VI. A actuación do Concello axustouse en todo momento á legalidade e así o ditaminou a Audiencia Provincial e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A operación orquestrada por toda a oposición de Oleiros para intentar tumbar ao Goberno municipal por cauces xudiciais fracasou.

Páxina 4

**En construción
94 novos pisos
protexidos,
en Xaz**

Páxina 7



Alternativa dos Veciños

Por que hai atascos?

A desatención dos problemas cotiás da cidadanía por parte da clase política é un mal moi extendido no Estado español. Falar sobre o divino e o humano con oratorias brillantes non resolve nada e agrava a desafección e o furor antipolítico.

Aquí, na nosa comarca, temos un claro exemplo: a mobilidade. Décadas de promesas de Xunta e Estado, con distintos gobernos de PP e PSOE, pero o servizo de transporte público cada vez funciona peor, a rede viaria segue a ser totalmente insuficiente para os nosos desprazamentos diarios entre a cidade e os distintos concellos e carecemos de beirarrúas e pasos de peóns na maioría de estradas

autónomas –a excepción de aquelas que fixemos desde o Concello–.

Nin nos parlamentos nin nos gobernos competentes existiu nunca vontade real para facer aquí o que si se lle concedeu a Vigo, a Santiago, a Ourense, Pontevedra... Un abandono histórico por parte dos distintos Gobernos autonómicos e centrais de PP e PSOE, que nunca investiron en infraestruturas viarias na Coruña á velocidade que precisa a cidadanía e as empresas.

Malia eses continuos obstáculos, grazas á insistencia política e á planificación urbanística de Oleiros deseñada por Alterna-

tiva dos Veciños foi posible a creación da primeira fase da vía Ártabra, as melloras da N-VI (Sol y Mar, O Seixal, Iñás), a circunvalación de Oleiros, as beirarrúas e carrís bici en todas as estradas principais, as rotondas para desconxestionar o tráfico, a ampliación da Estrada da Besta e da rúa do Souto, apertura da rúa Miradoiro e avenida da II República e un longo etcétera de melloras viarias.

Esa mesma planificación, recollida no Plan Xeral de urbanismo, é a que contempla tamén a futura ampliación da ponte Pasaxe, a conexión da vía Ártabra coa N-VI, a Artabriña (conexión directa Santa Cruz - Montrove - N-VI), o túnel baixo

a rotonda de Santa Cristina, o enlace coa AP-9 en Nós desde a N-VI,... débedas históricas que Xunta e Estado están obrigadas a saldar.

As políticas partidistas de non investir en Oleiros e de non mellorar o transporte amosan o desprezo cara á cidadanía co que actúan PP e PSOE. Con ese exercicio arbitrario do poder, que obvian que A Coruña é a comarca máis importante de Galicia e Oleiros o 8º municipio, estase a vulnerar o interese xeral dun concello e dunha comarca na que milleiros de cidadáns perdemos o tempo e a paciencia nos nosos desprazamentos diarios.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

O Partido Popular de Oleiros pide criterios técnicos homoxéneos na protección das vistas e a paisaxe

O Partido Popular de Oleiros considera necesario realizar unha análise rigorosa sobre a aplicación dos criterios de protección da paisaxe e das vistas no municipio por parte do goberno local presidido por Angel García Seoane.

A portavoz do Grupo Municipal Popular, Loli Silva, sinala que "a preservación da paisaxe é un obxectivo lexítimo e compartido, especialmente nun municipio como Oleiros, cuxo valor ambiental e visual é un dos seus principais activos. Pero precisamente por iso, os criterios deben ser claros, homoxéneos e aplicarse por igual en todo o termo municipal".

Desde o Partido Popular lémbrese que existen edificacións que foron autorizadas

e cuxa implantación ten unha incidencia directa en elementos paisaxísticos relevantes. É o caso do hotel Noa Boutique, cuxa volumetría lle quita visibilidade ao Castelo de Santa Cruz e resta luz ao núcleo urbano de Santa Cruz, alterando a percepción visual dun dos enclaves máis emblemáticos do municipio.

Tamén o denominado Edificio Copigal, situado xunto á Ponte da Pasaxe, cuxa localización xera un impacto visual nesa contorna estratéxica –cuxa licenza para a construción foi outorgada polo propio concello de Oleiros– e que, ademais, condiciona actualmente calquera posible ampliación ou mellora estrutural da propia ponte.

"Nestes casos non se considerou que existise unha afección paisaxística incompatible coa protección da contorna", apunta Loli Silva.

Con todo, noutras actuacións o criterio paisaxístico foi determinante para impedir ou reverter edificacións. Así ocorreu coa demolición de tres chalés na zona de Bastiagueiro, ao entenderse que afectaban ás vistas e non resultaban consonantes coa paisaxe. Así mesmo, o edificio de varias plantas en Mera, cuxa licenza foi concedida no pasado conforme ao marco normativo vixente nese momento, é hoxe sinalado como unha construción que "estorba" por razóns paisaxísticas e de integración na entrada da localidade.

A portavoz popular subliña que "resulta chamativo que unha edificación axustada a licenza poida ser cuestionada anos despois por motivos visuais, mentres que outras actuacións de notable incidencia non foron consideradas problemáticas no seu momento".

Para a representante do Partido Popular, a cuestión non é debater caso por caso, senón garantir que exista unha metodoloxía obxectiva e uniforme para avaliar o impacto visual e paisaxístico de calquera proxecto. "A seguridade xurídica e a confianza dos veciños esixen que as regras sexan iguais para todos e que a protección da paisaxe non dependa de interpretacións variables", conclúe Loli Silva.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

García Seoane máis preto de obter a medalla de ouro dos promotores inmobiliarios

Os veciños de Oleiros teñen dous problemas fundamentais: a mobilidade e a vivenda. Nos dous as políticas de Alternativa, baseadas en favorecer aos promotores, foron decisivas para empeorar a situación. O nexo entre eses problemas foi satisfacer por parte de AVV as demandas dos promotores para que se forren a costa dos soños frustrados da xuventude de Oleiros, que se ve expulsada do concello que os viu nacer. Cando no 2011 AVV acadou a maioría

absoluta, o solo reservado para vivenda protexida era do 33,86%. Aproveitando todos eses anos de goberno e as maiorías absolutas baixouno ata o 6,4%, o que favoreceu a especulación e quentou os prezos. Os promotores prefíren facer vivenda libre porque gañan máis e AVV ponlles a alfombra vermella. Pedíronlle o voto aos veciños para empregalo beneficiando ás construtoras. Levan dous anos subindo aos veciños un 12% o IBI mentres o baixan un 90% aos promotores, rebaixa

que, na comarca, só pasa en Oleiros: unha das singularidades de AVV.

Esta voracidade construtora fomentada dende o Concello está a ter graves repercusións colapsando as estradas e sobrecargando os servizos de abastecemento e saneamento, que non están dimensionados para ese aumento de vivendas. Ademais A Xunta non dá rematada a Vía Ártabra. Hai que rematala e esixir a conexión gratuita coa AP-9. Pero que a Xunta non faga o seu traballo non exime de

responsabilidade a AVV que foi quen deu licencias a mansalva para regocixo dos especuladores do ladrillo, empeorando a vida dos oleirenses. Urxe unha moratoria ás grandes macro promocións, deixando construír VPO de verdade e non esas de preto de 300.000€.

Pero tranquilos, García Seoane vai ter coche oficial novo. E un ano máis un novo disface cuxos gastos, ata os 1,28€ do antifaz, tamén pagaremos nós.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Conciliación e realidade, escolas infantís

As escolas infantís son fundamentais para a conciliación, sobre todo nun concello que está a medrar.

As cifras din que Oleiros segue a medrar, feito que o BNG demandou en moitas ocasións que debe obrigas as administracións a adaptar os servizos ás novas demandas. Vémolo moi claro co transporte público e coas infraestruturas, pois non é realista pensar que a construción non vai vir acompañada de novas persoas que se moven

de Oleiros aos centros de traballo e lecer a diario. O das escolas infantís é un problema semellante: cada vez hai máis crianzas de até tres anos no noso concello. As escolas infantís son unha ferramenta fundamental para a conciliación das familias, ademais de supor o primeiro contacto das crianzas cunha educación especializada da man duns traballadores e traballadoras que teñen uns dereitos laborais que é preciso protexer. Cos datos na man, as prazas nas escolas infantís

non chegan, nin nas escolas da Xunta de Galiza nin nas privadas e agora mesmo, e desde hai meses, non hai nin unha soa praza libre nas escolas infantís de Oleiros. É preciso ter en conta tamén que as prazas nas escolas privadas tamén están pagadas con diñeiro público, por unha decisión do goberno galego coa que o BNG non está de acordo, pois o sistema de acceso non é o mesmo que para as públicas, ademais de que as prazas privadas son moito máis custosas para a administración.

Cos datos na man, as institucións responsábeis (as escolas infantís son responsabilidade da Xunta de Galiza, mais coa colaboración do Concello) deben comezar a planificar para o futuro xa que, evidentemente, unha escola infantil non se constrúe en dous meses e a tendencia do crecemento demográfico é clara. Calquera outra cousa sería unha irresponsabilidade para o futuro de Oleiros.

Os espazos desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de bases de réxime local.

Editorial • Non todos somos iguais

Garantir a seguridade cidadá e velar pola integridade física das persoas non debería ser asunto de confrontación política nunha democracia madura e avanzada. Á marxe dos lexítimos intereses partidistas, calquera actuación legal en defensa da vida das persoas debería suscitar unanimidade política e cidadá.

A demolición das ruínas de Casa Carnicero foi unha desas intervencións, coa que o Concello de Oleiros evitou un trágico desenlace. Era inminente a caída dos restos dunha parede sobre a N-VI, pola que cada minuto circulan decenas de coches. Ninguén cun mínimo de responsabilidade e de humanidade dubidaría o máis mínimo en actuar, e menos aínda baixo amparo legal, tal e como afirmaban os funcionarios municipais e que, posteriormente, confirmaron 6 xuíces distintos de 2 tribunais -Audiencia Provincial e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-.

Pois ben, para sorpresa dos máis inxenuos e constatación dos máis escépticos, distintos representantes municipais e autonómicos de PP, BNG e PSOE emprenderon unha cacería política, xudicial e persoal contra quen no exercicio dos seus cargos cumpriron coas súas obrigas profesionais e políticas. Cinco longos

anos de calvario para persoas honestas, que non delinquiran, que salvaran vidas, e que se viron acusadas xudicial e mediáticamente pola animadversión dunhas alimañas políticas.

Individuos que din presentarse ás eleccións para representar e defender os intereses veciñais, pero que antes ou despois demostran o que realmente son e o que buscan. Canto peor para Oleiros, mellor para eles: así pensan e así maniobran.

Porque, que pasaría se o Concello non actuase? Que dirían? Que farían? Non hai dúbida: todo o contrario. Como diría Groucho Marx *estos son os meus principios, e se no lles gustan, teño outros*.

O sucedido con Casa Carnicero deixou patente que a degradación política que tanto lastra a saúde da democracia non só está nas altas esferas. Nos concellos tamén abundan os aspirantes a Koldos, Ábalos, Bárcenas, Ratos, Ritas, M. Rajoy, Míster X....


Esa lista negra é moi longa, pero a das persoas decentes e honradas é moitísimo máis. Porque non, non todos somos iguais. Na política, igual que na vida, a decencia e a verdade sempre acaban imponéndose.

Oleiros, un concello distinto



Impúxose a responsabilidade

“O TSXG confirma a absolución do alcalde e o funcionario municipal na demolición das ruínas de Casa Carnicero



O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha segunda sentenza na que absolveu ao alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, e o arquitecto técnico municipal pola demolición das ruínas de Casa Carnicero. Aínda que xa existía unha primeira sentenza absolutoria emitida o pasado mes de setembro pola Audiencia Provincial da Coruña, a fiscalía presentara un recurso de apelación que foi desestimado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Esta última resolución xudicial xa é firme, polo que o caso está pechado.

Os tres maxistrados que formaron o tribunal confirman que non se cometeu ningún delito, nin contra o patrimonio histórico nin de prevaricación, tal e como recorrera o Ministerio Fiscal, que reclamaba unha sentenza condenatoria. Anteriormente, a Audiencia Provincial da Coruña xa emitira unha primeira sentenza absolutoria porque a acción dos responsables municipais non fora “inxusta nin groseiramente contraria a dereito”. A sentenza contempla, en función dos testemuños recabados, que a reconstrución do edificio era inviable e o que quedaba del debía derrubarse.

MESQUINDADE POLÍTICA E HUMANA DA OPOSICIÓN

Un primeiro tribunal da Audiencia Provincial da Coruña formado por 3 xuíces e un segundo tribunal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia formado por outros 3 xuíces avalaron que a actuación municipal foi totalmente legal. Malia que eses 6 maxistrados de 2 tribunais distintos recoñeceron que si procedía a demolición das ruínas de Casa Carnicero, os partidos da oposición continuaron cuestionando a actuación do Concello.

Para PP, PSOE e BNG non foron suficientes os 5 anos de intoxicación da opinión pública con continuas insinuacións e falsidades. En vez de acatar a resolución xudicial e recoñecer que o alcalde se axustou á lexislación para preservar a seguridade cidadá ante a inminente caída dunha parede sobre a N-VI, continuaron coa campaña de desprestixio, aplicando por enésima vez o difama que algo queda.

Os feitos e as declaracións realizadas ao longo dos anos polos distintos representantes de PP, PSOE e BNG en Oleiros deixaron patente o seu talante antidemocrático, pois o que realmente pretendían con este proceso era conseguir nos tribunais o que non logran nas urnas.



Tamén quedou retratada a mesquindade humana deses individuos que non dubidaron en implicar no asunto a un funcionario municipal exemplar, ao que sinalaron publicamente en diversas ocasións, sen importarlles os graves danos persoais e familiares que iso supuxo para unha persoa que non está na política nin na esfera pública.

Aínda que todos subiron ao carro da infamia, foi o BNG o impulsor inicial deste proceso, tras a denuncia dos feitos por parte da deputada Mercedes Queixas ante o Parlamento de Galicia. O Goberno da Xunta, naquel momento baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo, remitiu a documentación á Fiscalía para que abrise o procedemento xudicial e posterior xuízo, con Diego Calvo como conselleiro de xustiza cun alto interese no proceso.

PP, PSOE e BNG nunca se lembraron de Casa Carnicero ata os acontecementos do 2020. A sentenza desmonta definitivamente o falso relato dos oportunistas políticos.

A finalización do Paseo da Ría, cada vez máis cerca



“Ademais das obras que se están a facer desde finais de ano entre O Seixo e Cambre, recentemente comezaron tamén as do tramo pendente na zona do Paraíso. Entre ambas o investimento é de 2,3 millóns de euros.

O resultado destas actuacións é a absoluta conectividade peonil e ciclista en boas condicións de accesibilidade e seguridade de toda a ría, entre os concellos da Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros. Abriranse así grandes posibilidades para os desprazamentos a pé ou en bicicleta.

Estas obras non estarían en marcha se o Goberno municipal non pechase o paseo e reclamase insistentemente a realización destes dous tramos. De facer caso ás críticas dos grupos da oposición non habería nada.

O Concello xa é propietario de todos os terreos necesarios para a senda costeira entre Naval e Canide



O pasado mes de xaneiro o Concello de Oleiros tomou posesión de 29.631 metros cadrados na franxa costeira entre a praia de Naval e Canide para a construción dun paseo neste 2026. En total trátanse de 61 parcelas, todas en solo rústico, polas que o Concello pagou 270.000 euros.

As obras de construción do paseo terán un custo superior a 1 millón de euros e comezarán este ano. Serán 2,5 km dun novo tramo de costa que o Concello abrirá á cidadanía.

Que pasa coa vía Ártabra?



Ante as continuas denuncias e demandas realizadas polo Concello de Oleiros, o pasado mes de xullo a Xunta de Galicia anunciaba que antes de finalizar o ano se aprobaría o proxecto para reiniciar o tramo pendente entre Iñás e a AP-9. O ano rematou e nos orzamentos autonómicos para 2026 só aparecen 500.000 euros, cando esta obra custa 40 millóns. A que están agardando?

Mentres a Xunta dilata no tempo a contratación desta obra imprescindible para a mellora do tráfico no conxunto da comarca da Coruña, milleiros de condutores sufren diariamente importan-

tes colapsos circulatorios nos seus desprazamentos á cidade. Iso, sumado aos problemas no funcionamento do transporte público –outra competencia exclusiva da Xunta de Galicia nos municipios de menos de 50.000 habitantes-, provocan que a mobilidade sexa o principal problema na área metropolitana da Coruña.

O Goberno municipal continuará a reclamar con contundencia a urxente necesidade desta obra, de claro interese supramunicipal. Opoñerse, como PSOE e BNG, é ir en contra do interese xeral de Oleiros e da área metropolitana da Coruña.

SEN LUZ NAS ROTONDAS

O Concello reclamou á Xunta en reiteradas ocasións ao longo dos anos a necesidade de dotar e poñer en funcionamento o alumeadado das rotondas e enlaces de acceso á vía Ártabra. Desde a propia administración autonómica chegaron a recoñecer por escrito a súa obriga neste sentido, sen que ata o momento actuasen ao respecto, incumprindo as normas de circulación e seguridade viaria. A vía Ártabra é unha estrada de titularidade autonómica, e debe ser a Xunta quen instale a iluminación nas súas interseccións e accesos.



Asfaltados de rúas e camiños municipais

As continuas e intensas precipitacións están a demorar distintas obras públicas programadas, especialmente as de asfaltados. De executarse con tanta chuvia a durabilidade dos pavimentos é moi inferior, sendo máis eficiente agardar a un tempo máis seco. Así, nos próximos días asfaltaránse Salvador de Madariaga e un tramo da rúa Lucín. Tamén están aprobadas a avenida Miguel Hernández e as rúas Charry, Pousada, Anduriñas, Lagarteiras, Avogadas, Benito Vicetto, do Campo, Lourido, Cruceira e Areosa (completa).

O aparcadoiro da piscina de Oleiros foi unha cesión anticipada polo desenvolvemento da urbanización da Covada. Serán os promotores os encargados de acondicionalo e entrégalo ao Concello en perfecto estado. Mentres tanto, procederase ao seu bacheado cando sexa necesario.

Esas condicións climáticas especiais tamén están a provocar un maior deterioro do previsto, para o que **o Concello xa ten en marcha un novo paquete de obras de pavimentación**. Nas próximas semanas procederase á contratación de novos asfaltados en distintas rúas e camiños de todas as parroquias.

Comeza a construción de 94 novos pisos protexidos promovidos polo Concello, en Xaz



A creación de 146 pisos de protección promovidos polo Concello continúa avanzando co recente inicio das obras da cooperativa de Xaz, en Dorneda. As 3 promocións en marcha parten da iniciativa do Goberno municipal de vender solo propiedade do Concello –adquirido gratuitamente a través da xestión urbanística- a prezos inferiores aos de mercado, para poder abaratar o custo dos pisos a través de vivendas protexidas.

PREZOS DAS VIVENDAS

Xusto en fronte da promoción municipal, tamén están a construírse pisos que se venden no mercado libre por 400.000 euros; de calidades similares e sen piscina comunitaria, como si teñen os de protección. Os pisos do Concello teñen un custo medio de 205.000 euros máis IVE (recibiron unha subvención autonómica de 10.000 € por vivenda), importe estipulado polos parámetros da Xunta de Galicia que varía á baixa ou a alza en función dos metros cadrados da vivenda.

Próxima creación de dúas novas cooperativas

Nos próximos días sairán á venda mediante poxa pública 3 novas parcelas para pisos de protexidos: dúas na praza da Rabadeira e unha en Mera, na rúa Eduardo Galeano. Unha vez adxudicadas e, realizados todos os trámites necesarios, abrirase un proceso de inscrición para que todos aqueles veciños e veciñas interesados poidan optar á compra dun piso. Con suficiente antelación informárase debidamente a través de todos os medios de comunicación do Concello.

Venda de parcelas libres

Tamén estarán á venda 9 parcelas libres para a construción de vivendas plurifamiliares, unifamiliares e de uso comercial. As persoas interesadas na súa compra deben dirixirse á secretaría xeral do Concello.

DIRECCIÓN	METROS	USO	Prezo sen IVE
■ PERILLO - Corredoiro das Viñas, nº 7	264,17 m ² (proindiviso 36,76%)	Vivenda colectiva, aparcamento e compatibles	408.341,09 €
■ MERA - Rúa Curros Enríquez, nº 15 - Maianca	590,78 m ² (Proindiviso, 10%)	Vivenda colectiva e usos comerciais en planta baixa	128.833,66 €
■ OLEIROS - Rúa Francisco Lloréns, nº 7 A	546,97m ²	Residencial, 2 vivendas unifamiliares acaroadas	191.570,60 €
■ OLEIROS - Rúa Francisco Lloréns, nº 7	451,32m ²	Residencial, 2 vivendas unifamiliares acaroadas	158.069,07 €
■ IÑÁS - Avenida Espoz y Mina, nº1	537,50m ²	Residencial, 1 vivenda unifamiliar illada	94.205 €
■ O CARBALLO - Avenida As Mariñas, nº 122, Nós	594 m ²	Residencial, 1 vivenda unifamiliar illada	126.081,36 €
■ CORUXO- Rúa Yasser Arafat, nº 4 - Liáns	310 m ²	Residencial, 1 vivenda unifamiliar illada	113.406,25 €
■ CORUXO- Rúa Yasser Arafat, nº 2 - Liáns	300,03 m ²	Residencial, 1 vivenda unifamiliar illada	113.383,70 €
■ BASTIAGUEIRO- Rúa Ocaso, nº 2A - Perillo	561,41m ²	Comercial e compatibles	212.053,94 €

Cambios na normativa autonómica para as vivendas fóra de ordenación

A Xunta de Galicia acaba de aprobar unha modificación da Lei do Solo que afecta ás edificacións clasificadas como "fóra de ordenación" polo Plan Xeral. Con este cambio legal, será posible que nestas vivendas se acometan non só obras de conservación e mantemento como sucedía ata o momento, senón tamén reformas das vivendas para mellorar a súa habitabilidade. Para calquera cuestión relacionada é convinte informarse previamente no departamento de Urbanismo. Calquera tipo de obra en vivendas require da previa obtención da correspondente licenza municipal.



Máis obras de renovación da rede de augas

Continúan a executarse diversas obras de renovación das conducións xerais de abastecemento. Neste momento están a executarse as do centro de Oleiros ata A Pezoca, a da tubaxe xeral que abastece a Oleiros pola Costa da Tapia e a avenida Salvador Allende. Proximamente comezarán tamén o cambio das conducións desde o depósito da Edreira ata Oleiros, a da rúa Talagra en Dorneda, ou a da xeral de Montrove; desde Lamastelle ata As Pedras. Todas estas obras superan no seu conxunto os 3 millóns de euros.



En marcha a construción de beirarrúas en Bartolomé de las Casas

O Concello iniciou as obras de construción de beirarrúas e ampliación da calzada na rúa Bartolomé de las Casas, en Nós. Nesta primeira fase abordarase o tramo entre a rotonda da Seara e a rúa da Onca, cun investimento de 992.000 euros.

Ante a boa disposición do conxunto dos veciños e veciñas, que igual que noutras localidades entregan gratuitamente o terreo preciso, procedeuse á contratación desta obra. A segunda fase, entre a rúa da Onca e a rúa Armental executarase o próximo ano, completando así os 1,5 km da rúa.

Con esta actuación vaise mellorar a seguridade viaria, calmar o tráfico e facer posible que as persoas circulen con máis seguridade camiñando, así como realizar diversas obras de condución de pluviais. Nalgúns treitos, a beirarrúa será convencional; noutros terá un pequeno espazo verde que a separará da calzada, e noutros, únese á estrada unha banda de aparcamento. En todos os lugares onde sexa posible incluíranse árbores.

Requirida a Costas a urxente reparación do noiro de Naval

Como consecuencia dos fortes e persistentes temporais das últimas semanas, quedou destruído o muro construído polo Concello no 1987 en Naval e produciuse un importante desprendemento de terra, duns 500 metros. Urxe realizar unha obra que asegure o terreo, para o que o Concello elaborou un informe solicitando a Costas que actúe de inmediato.

Para garantir provisionalmente a seguridade, procedeuse a valar a zona para impedir o paso na zona con maior risco de derrubamento. En caso de que Costas non actúe coa axilidade que a situación require, o Concello acometería a obra e reclamaría os gastos correspondentes ao Estado por non tratarse dunha actuación de competencia municipal.



Impresentable “ Grave abandono por parte da Xunta do comedor do Colexio de Santa Cruz



Despois de numerosas demandas por parte do Concello e da ANPA do Colexio Parga Pondal de Santa Cruz, a Xunta comprometérase a reformar o comedor durante o pasado verán. Pasados xa varios meses, o espazo no que comen os nenos e nenas atópase nun estado totalmente impresentable.

As imaxes do comedor mostran un espazo fortemente degradado con paredes totalmente desfeitas, humidades, filtracións de auga,... que requiren dunha actuación de urxencia por parte da Xunta de Galicia.

Por parte do Concello, o alcalde dirixiuse por escrito ao Conselleiro de Educación para informalo da situación e reclamar a inmediata realización das obras de comedor. Non se pode tolerar que nun centro de ensino público haxa espazos tan abandonados.

O Concello tamén denunciou recentemente que algunhas aulas do colexio dispoñen dun material totalmente obsoleto e deteriorado. Igual que no comedor, a dirección debería cumprir coas súas obrigas e velar porque non se dean este tipo de situacións, reclamando insistentemente á Consellería a renovación inmediata de pupitres, mesas e cadeiras en mal estado.

O ensino é unha competencia autonómica e é a Xunta de Galicia á que lle corresponden este tipo de actuacións, non ao Concello. Á administración municipal só lle corresponden os mantementos menores. Lamentablemente, a Xunta rara vez asume as súas obrigas coa axilidade que se require, tal e como están a sufrir os nenos e nenas do colexio de Santa Cruz.

O Concello de Oleiros, para garantir o benestar dos nenos e nenas, executa continuamente distintas obras a petición das direccións ou das ANPA. No caso concreto deste centro, hai unhas semanas que o Concello realizou as obras de renovación do solo das aulas de infantil. Era a Xunta quen debía realizar esa obra, pero o Goberno municipal entendeu que os nenos e nenas merecían ter unha aula en mellores condicións. Igualmente, foi renovada pista polideportiva por parte do Concello, así como outras melloras nas zonas verdes.

Máis de 1 millón en renovacións de cubertas de edificios municipais neste ano

O Concello de Oleiros está a ultimar a redacción de varios proxectos para renovar distintas cubertas de edificios públicos durante os próximos meses. En total vanse investir 1,1 millóns.

No **pavillón Arsenio Iglesias** o importe das obras será de 296.650 euros, incluíndo tamén o cambio do pavimento. Tamén se van renovar os tellados das **Torres de Santa Cruz**, cun gasto de 200.000 euros. Por cuestións climatolóxicas, deportivas e escolares, a cuberta do **pavillón do Valle Inclán** renovarase no verán. Tamén está prevista a da **polideportiva de Iñás** e a da **polideportiva de Meixónfrío**, en Santa Cruz.

Aínda que o Concello xa tiña previsto e consignado nos orzamentos municipais os fondos necesarios para estas obras, as fortes e persistentes precipitacións destas últimas semanas están a causar diversos danos. Tan pronto como as condicións climatolóxicas o permiten e finalicen os trámites de contratación executaranse as obras.



Recuperación das dunas de Santa Cristina

“ O Goberno municipal escribe un novo capítulo na defensa da praia como espazo público e natural

Ata a década dos 60 a praia de Santa Cristina era idílica, cunhas dunas inmensas que chegaban máis alá do actual Parque José Martí. Ese espazo natural único foi destruído na última etapa do franquismo, aproveitando a privatización do areal e que a ditadura permitiu recheos para levantar edificios de forma desordenada e sen servizos.

O movemento veciñal iniciou a loita para frear ese tipo de ataques contra o medio natural, que tamén se daban noutras localidades. Posteriormente, coa chegada da democracia, ese movemento organizouse como candidatura e acadou a alcaldía. Desde entón, pola vontade popular, a historia que determinados poderes tiñan escrita para Oleiros cambiou para ben.



Sara ata o Hotel Rías Altas ou a construción do Parque José Martí, onde tamén estaba prevista a construción de máis bloques de vivendas. Logou veu o parque da Fonte Leocadia, A Fábrica, a continuidade do paseo pola ría, a recente reurbanización da avenida e da rúas Humboldt, Linneo e Darwin...



A GRAN RECUPERACIÓN

A finais dos 80, o Goberno municipal conseguiu recuperar parte da desaparecida praia de Santa Cristina tras xestións políticas ante Costas e mediante expropiacións. Tamén se iniciou nesa etapa a primeira fase do paseo marítimo desde Casa

ATAQUES MÁIS RECENTES

En vésperas das últimas eleccións municipais, a Xunta anunciaba un investimento de 8 millóns de euros para a creación dunha ponte entre Oza e Santa Cristina. Esa pasarela tomaba terra nas dunas, o que constituía un atentado total contra o medio ambiente e a paisaxe. A frontal oposición do Concello de Oleiros, en contraste coa ambigüidade da Coruña, acabou por paralizar o proxecto, con fins claramente electoralistas e urbanísticos –nas Xubías preténdese construír varios edificios-. Un sinsentido absoluto, posto que a ampliación da ponte da Pasaxe xa contempla a creación dunha plataforma ciclopeonil. Dos 8 millóns de euros prometidos, nada se volveu saber.

A REXENERACIÓN E AMPLIACIÓN DAS DUNAS

Antes dese sainete, o Concello xa iniciara un delicado traballo para restaurar o sistema dunar que hoxe comeza a ser perceptible á vista. Baixo a dirección do funcionario xefe de xardineiría, David Puñal, hai xa 7 anos que o Goberno municipal decidiu reducir a superficie sometida a mantemento e limpeza mecanizada, para favorecer a acción dos procesos naturais.

Grazas a esa decisión incrementouse notablemente a cantidade de area fina que transporta o vento. Baixo vixilancia e análise continua da evolución ambiental, deixouse actuar á natureza e foise recuperando a vexetación e morfoloxía natural da duna, ampliando a súa superficie.

Non existen casos similares no Estado español dun espazo con estas características nunha contorna tan urbano. Pero ademais do valor histórico e paisaxístico, alberga diversos ecosistemas e dinámicas de fluxos mariños de grande interese ambiental.

O Concello ten previsto dar novos pasos nos próximos anos para mellorar na protección deste importante espazo público. Este tipo de políticas medioambientais, son cada vez máis importantes ante a aceleración do cambio climático e as consecuencias devastadoras para a supervivencia da especie humana.

Resulta imprescindible que o conxunto da cidadanía tome conciencia da importancia e valor deste espazo público para contribuír á súa conservación futura.



As contas claras

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR ANO 2025

TOTAL HORAS: 73.819 – 1,7 MILLÓNS DE EUROS

APORTACIÓN XUNTA: 580.745 € (32 %)

APORTACIÓN CONCELLO: 934.736 € (52%)

APORTACIÓN PERSOAS USUARIAS: 253.796 € (16%)



2025, a Xunta só financiou o 11%, 67.123 euros. O Concello pagou o 67% con 390.208,27 euros e as persoas usuarias, en base ás súas respectivas rendas familiares, 116.841 euros.

PACTO VERGOÑENTO

A FEGAMP (Federación Galega de Municipios) e a Xunta de Galicia acaban de asinar un acordo que segue incumprindo a lei. Ese convenio establece para o 2028 unha achega da Xunta de Galicia de 18 euros/hora, cando neste momento xa está en 24 euros/hora e que con toda seguridade se verá incrementado proximamente de forma considerable.

A FEGAMP, que é o organismo que supostamente debería representar a todos os concellos galegos, está presidida polo alcalde de Vilagarcía. Semanas antes da sinatura deste inaceptable acordo para calquera alcalde ou alcaldesa galego, o Concello de Vilagarcía recibía da Xunta 25 millóns para unha nova depuradora.

ACCIÓNES XUDICIAS

Para defender o cumprimento da lei e os dereitos dos veciños e veciñas de Oleiros

a que os fondos que lle corresponden ao municipio non se desvíen a outros territorios, o alcalde presentou unha moción na Deputación para denunciar os feitos ante os tribunais. A proposta foi aprobada e os servizos xurídicos da Deputación están a realizar os trámites necesarios para presentar unha denuncia conxunta de todos os concellos da provincia.

O MODELO NON FUNCIONA

Non se trata só dunha cuestión financeira. O sistema de atención á dependencia camiña cara ao colapso. Para evitalo, a Xunta está na obriga de abrir un diálogo sincero con todas as partes interesadas: concellos, asociacións, ONG, patronal, sindicatos, axentes sociais... para buscar alternativas e solucións que permitan establecer medidas realmente efectivas, e non máis plans de choque ineficaces, absurdos e afastados das necesidades reais das persoas dependentes e as súas familias.

“ Por lei, a Xunta –que recibe fondos do Estado para este fin– está obrigada a pagar o 100% do servizo. Aos concellos correspóndelle unicamente a xestión, non o financiamento.

O déficit existente no ano 2025 é de case un millón de euros e está a ser cuberto con fondos municipais, o que supón un importante detrimento de recursos para obras, cultura, deportes e servizos básicos locais que si competen exclusivamente aos concellos. Un dereito dos veciños e veciñas de Oleiros que a Xunta está a vulnerar, para despois investir eses recursos noutros territorios.

LIBRE CONCORRENCIA

Do total de horas prestadas polo Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Oleiros, 24.103 (32% do total) corresponden á denominada libre concorrencia. Mentres na maioría de concellos galegos non se atende a ningunha persoa ata que a Xunta resolve a valoración da dependencia (entre 1 e 2 anos de espera), o Concello de Oleiros si o fai desde o momento que o demandan, pois desde o Goberno municipal enténdese que unha persoa dependente non pode estar sen este servizo de atención, tan importante para a calidade de vida e benestar das persoas usuarias e as súas familias.

Desas 24.013 horas que se prestaron en

A crise do modelo imposto polo Goberno autonómico do Partido Popular maniféstase, por exemplo, nos tempos que tarda a Xunta de Galicia en resolver as valoracións de dependencia; ou na continua perda da calidade de servizo, motivada principalmente polas condicións laborais das traballadoras do SAF, maioritariamente mulleres, cun convenio colectivo que leva máis dunha década caducado, sen medidas de prevención de riscos adaptadas etc.



Á Xunta vésele o plumeiro

“O Goberno galego está a practicar unha política caciquil e partidista que basicamente consiste en realizar as obras públicas nos municipios nos que o Partido Popular ocupa a alcaldía. Esa forma arbitraria e indecente de gobernar non castiga aos gobernos municipais que non son afíns, senón que realmente atenta contra os dereitos da cidadanía e o interese xeral, poñendo en serio risco a seguridade e integridade física de milleiros de condutores e peóns, como sucede nas estradas autonómicas de Oleiros, que son as vías principais do concello.

Aí si

A Xunta ten un Plan de Sendas de Galicia, no que Goberno do PP leva investido 144 millóns de euros. Os criterios? Están bastante claros.

OZA-CESURAS



Beirarrúas polo medio do monte na parroquia de Porzomillos: 454.000 €

ABEGONDO




Creación de beirarrúas en Mabegondo e Montouto: 550.000 €

ARTEIXO



Financiación para a reurbanización da Travesía de Arteixo: 925.000 €

OUTES



Próxima construción de beirarrúas na aldea de Viro (2,3 km): 1,3 millóns €

ORDES



Nova circunvalación de 2 km cando a AP-9 xa absorbe o tráfico principal entre A Coruña e Santiago: 12 millóns €

Que teñen en común
estes cinco municipios?
UN ALCALDE DO PP

E aquí non?

Importantes tramos das estradas principais de Oleiros de titularidade autonómica non dispoñen de beirarrúas nin carril bici. As beirarrúas e andéns existentes foron construídos directamente polo Concello, que asumiu as obras ante a necesidade de mellorar a seguridade viaria e facilitar a mobilidade peonil e ciclista.

ARILLO-VÍA ÁRTABRA



Un dos accesos principais á vía Ártabra atópase nun lamentable estado de conservación, cun forte deterioro do pavimento. Esta estrada non só carece de beirarrúas e carril bici, senón que tampouco dispón de arcéns, co risco que supón tanto para peóns como para condutores.

SERANTES - O CUBO



Durante os últimos anos, o Concello solicitou en diversas ocasións á Xunta a construción de beirarrúas, desde a Igrexa de Serantes ata O Cubo. Malia o compromiso do Goberno municipal de poñer a disposición o solo necesario para a obra, a Xunta segue sen pronunciarse.

SALVADOR ALLENDE



A estrada interior principal de San Pedro de Nós, que comunica con Cambre e Abegondo, só dispón de beirarrúas nos tramos que promoveu o Concello. Ata o momento a Xunta negouse a actuar, sendo especialmente necesario desde o Pazo da Carballeira ata a rúa Regueiro Oscuro.

CORUXO-OS REGOS



A avenida Isaac Díaz Pardo precisa de beirarrúas continuas e accesibles. Os arcéns existentes foron creados polo Concello. A única actuación realizada pola Xunta consistiu en tapar as cunetas dun tramo, tras un accidente de tráfico dun familiar dun representante do Partido Popular.

O CUBO-LORBÉ



O andén existente tamén foi creado polo Concello ante a desatención total da Xunta de Galicia. A profundidade das cunetas xa ten causado graves consecuencias en saídas de vía de vehículos. Debido á inexistencia de tubos nas cunetas, a auga está a erosionar a calzada, provocando xa que nalgún punto o firme estea a piques de quedar no aire.

XAZ-OLEIROS



A beirarrúa con carril bici que o Concello obrigou a construír aos propietarios dos terreos da urbanización de Xaz debe ser continuado ata Oleiros, para facilitar a mobilidade ciclopeonil entre Dorneda e Oleiros. O tramo entre a urbanización O Bosque e a rúa Cobo, moi sinuoso, non dispón de beirarrúas.

O Goberno municipal seguirá a demandar á Xunta de Galicia a urxente necesidade de realizar estas obras. Oleiros é o 8º municipio de Galicia e como tal debe ser tratado. Todas as estradas autonómicas que atravesan o concello son de importancia supramunicipal e afectan ao tráfico comarcal.

Vitoria xudicial ante o lobby israelí que pretendía censurar a información municipal

“O triunfo xudicial do Concello de Oleiros ante a organización sionista Acción y Comunicación sobre Oriente Medio (ACOM) xa é firme e definitivo. Tras a sentenza emitida polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, que desestimou integramente o recurso do lobby israelí, non cabe xa máis impugnación, ratificando a legalidade da actuación municipal.

A organización pretendía censurar a campaña informativa levada a cabo polo Concello en 2024 nos paneis luminosos, onde se amosaba unha imaxe de Benjamin Netanyahu xunto á de Adolf Hitler baixo o lema “MESMAS BESTAS ASASINAS”. O obxectivo daquela acción era denunciar o xenocidio que o Goberno de Israel está a cometer contra o pobo palestino.

A xustiza ampara a actuación do Concello de Oleiros en base ao dereito fundamental á liberdade de expresión e á crítica política recollidos na Constitución española. Ademais, a resolución mantén a obriga para o lobby israelí de facer fronte ao pago de todas as costas xudiciais.

Malia as presións recibidas, incluídas as ameazas veladas vertidas no seu día pola embaixada de Israel contra o alcalde, esta firmeza xudicial reforza a traxectoria de décadas do Concello de Oleiros en defensa da liberdade de Palestina. O Goberno municipal continuará coas súas campañas de sensibilización, programas de cooperación e actos oficiais para denunciar o atroz xenocidio perpetrado polo Goberno de Israel, reafirmando o seu compromiso inquebrantable coa paz e os dereitos humanos.



Bloqueo total Donald Trump a Cuba: crime de lesa humanidade

“O que hoxe vive o pobo cubano non é unha crise económica por falta de recursos, é un asasinato lento e calculado executado polos Estados Unidos. O bloqueo total decretado por Donald Trump é unha prohibición deliberada que impide a chegada de medicamentos básicos, fármacos para o corazón, a diabetes, a presión arterial... ou que pon en risco a vida de nenos recién nados pola falta de combustible para as incubadoras.

Porque o bloqueo non só afecta ao petróleo e aos combustibles, senón que persegue barcos con alimentos e medicinas, bloquea transaccións bancarias e sanciona a calquera empresa que tente vender arroz, leite ou carne a Cuba. Esa política, sostida durante 60 anos e recrudescida nas últimas semanas, é definida pola propia poboación cubana como “terrorismo con fame”.



No ámbito sanitario, a situación é crítica. A pesar de que Cuba foi quen de crear cinco vacinas contra a COVID-19 sen axuda externa, o bloqueo impide agora o acceso a xiringas, anestesia ou repostos para equipos de raios X. O talento científico cubano vese asfixiado por un imperio que castiga os seus logros.

CAMPAÑA DE APOIO E COOPERACIÓN DE OLEIROS

Ademais da campaña permanente de denuncia política do bloqueo, o Concello está a preparar un novo envío de material sanitario e educativo á illa. O Goberno municipal está a realizar distintas xestións con hospitais, centros de ensino, universidades e ONG para coordinar o envío da maior cantidade de contedores marítimos posibles.

Este programa de cooperación verase incrementado economicamente polas doazóns que calquera cidadán pode realizar á conta solidaria permanente do Concello de Oleiros (ES12-2080-0064-9830-4001-1138).

Incívicos en Oleiros NON!

“ Os espazos públicos son patrimonio de todas e todos. Ninguén ten dereito a degradar e maltratar as rúas

O Concello abriu nas últimas semanas novos expedientes sancionadores a persoas que incumpriron as normas para o depósito do lixo. Cada infracción supón unha multa de 600 euros.



DEPÓSITO DE ENSERES

Só é posible deixar xunto aos contedores mobles, electrodomésticos, colchóns e outros residuos voluminosos do fogar os xoves a partir das 20:00 horas, sempre e cando se chame previamente ao teléfono 981 795 524 para dar o correspondente aviso.



PUNTO LIMPO

Electrodomésticos, restos de podas, escombros e outros residuos de ámbito doméstico só poden depositarse no punto limpo situado no polígono de Iñás, na rúa Salnés.



PAPELEIRAS

As papeleiras non son contedores do lixo. O seu uso como tal deteriora os entornos.



COLABORE!

Se observa a algunha persoa infrixindo as normas, chame á Policía Local: 981 610 001

Festival de Bandas de Música, o domingo 15 de marzo en Mera



O Festival de Bandas de Música de Oleiros celebrará a súa XVII edición o 15 de marzo ás 18:00 horas, no Auditorio Gabriel García Márquez. A agrupación convidada este ano é a Banda de Música de Cee, dirixida por Fernando Fraga, que compartirá escenario coa Banda da Escola municipal de música de Oleiros, dirixida por Nilo Armas.

MÁIS CONCERTOS

Igual que en anos anteriores, durante o mes de maio haberá distintas actuacións en espazos públicos das agrupacións da Escola Municipal de Música. As primeiras que están previstas son a da Big Band, o 15 de maio no Parque Rosalía Mera de Dorneda; e a Orquestra Sinfónica, o 31 de maio no parque da Lagoa de Mera.

Numerosas actividades nas Casas da Mocidade



A Casa da mocidade de Santa Cruz (rúa Daniel Castela, 5) e a Casa da mocidade das Pedras (avenida Rosalía de Castro, 114) ofertan diferentes e variadas actividades gratuítas. Durante as próximas semanas está prevista a realización de obradoiros de cociña, preparación de bailes para TikTok, curso de DJ, mociradio, concertos, clubs de lectura, obradoiros de sexo, ...

Para obter máis información ou inscribirse é posible dirixirse persoalmente a algún dos dous centros, chamar aos teléfonos 981 614 083 ou 981 977 944, consultar as redes sociais das casas da mocidade ou enviar un correo electrónico a pix.aspedras@gmail.com.

Obradoiro sobre alimentación na (peri)menopausa

Atendendo ás peticións de distintas mulleres que participaron noutros obradoiros similares, o Concello pon en marcha unha nova actividade sobre alimentación saudable e nutrición durante a (peri)menopausa. Proximamente informarase das datas de celebración e dos prazos de inscrición. Esta actividade está dirixida exclusivamente a mulleres empadroados en Oleiros.



O Colexio Parga Pondal promove o uso do galego

O alumnado do colexio de Santa Cruz realizou durante as últimas semanas numerosas actividades para a promoción do uso da lingua galega. Grazas a unha especial dedicación do profesorado, houbo obradoiros de regueifas, actuacións teatrais, música, contacontos, concertos, poemas, fomento da lectura en galego, conexións semanais coa Radio Galega... Os **21 días co galego e máis** pechouse cun concerto do grupo Alana, que contou coa colaboración da Comisión de Festas.

Recoñecemento para a docente Fina Paulos

Nos premios Educa Abanca, os galardóns á docencia máis prestixiosos, a veciña de Perillo Fina Paulos Lareo foi distinguida como a mellor profesora de secundaria de España. Un importante recoñecemento á súa especial vocación e exemplar exercicio da docencia.



Irene Fernández, premiada polo Ministerio de Educación

Por segundo ano consecutivo, Irene Fernández Paulos, do colexio Cristo Rei, recibiu o premio "Una Constitución para todos". Trátase dun concurso a nivel estatal convocado polo Ministerio de Educación ao que esta veciña de Perillo presentou un interesante vídeo sobre a carta magna.



Nova edición da Liga Judo



A Liga de Judo Concello de Oleiros está a disputarse desde o mes de xaneiro no pavillón José Antonio García Nieto de Canide. A participación total supera os 400 judokas, procedentes de todo o norte peninsular. O sábado 14 de marzo, en horario de mañá, celebrárase a última xornada.

XI Trofeo Concello de Oleiros de natación artística na piscina do INEF



A piscina do INEF, en Bastiagueiro, acollerá o sábado 26 de abril o XI Trofeo Concello de Oleiros de Natación Artística. Está prevista a participación dunhas 300 nadadoras de diferentes clubs de toda Galicia. O Club Acuático Oleiros exercerá como anfitrión dunha proba coa que o Concello de Oleiros pretende promocionar e fomentar esta especialidade deportiva.

O XXXVI Tríatlon Concello de Oleiros o sábado 9 de maio



No mes de abril abrírase o prazo de inscrición para participar nunha nova edición desta insigne competición municipal. Haberá categorías júnior, xuvenil, sub 23, absoluto, veterano 1, veterano 2 e veterano 3. En todos os casos a distancia será de 750 m de natación, 21 km de bicicleta e 5,5 km de carreira a pé. A natación terá a súa saída (ás 16:00 horas) na praia de Santa Ana, con chegada á praia de Mera. A meta estará situada no parque da Lagoa.

Máis triunfos deportivos con selo oleirense



■ BALONMÁN
Mateo Martínez, subcampión de España



■ JUDO
Martín Suárez, bronce no Campionato de España



■ JUDO
Iván Prieto, bronce no Campionato de España



■ DUATLÓN CROSS
Hugo Souto, campión galego




■ DUATLÓN CROSS
Alba Porto, campioa galega



■ REMO-ERGÓMETRO
Artai Formoso, campión galego



■ REMO-ERGÓMETRO
Diego Taboada, campión galego




■ SAMBO
Iván Prieto, campión galego



■ FÚTBOL
Vera Melki, campioa galega



■ FÚTBOL
Andrea Martínez, campioa galega



■ FÚTBOL
Inés Fernández, campioa galega



■ FÚTBOL
Kira Corujo, campioa galega



■ ATLETISMO
Hugo Zuluaga, Alonso Quintillán, Mauro Rodríguez e Manuel Maceiras, bronce no Campionato de España de cross por equipos



■ REMO-ERGÓMETRO
Diego Taboada, José Antonio Otero, Alfonso Bergantiños e Diego Iglesias, bronce no Campionato galego

Homenaxe a Paco Mivida



A AVV San Cosme de Maianca, AC Santa Ana, Comisión de Festas do Mar, Marino CF, Coral Polifónica de Mera, AC A Marola e CD Mariñeiro de Mera, coa colaboración do Concello, organizaron unha emotiva e multitudinaria homenaxe a Paco Mivida no parque da Lagoa. Este polifacético veciño de Mera é unha figura senlleira da cultura de Oleiros, estando especialmente vencellado á celebración do Entroido como fundador de comparsas, letrista,... Tamén destacou como humorista, acadando un gran popularidade en toda Galicia.

A presentación do Ven e Descubre 2026, o 9 de abril na Fábrica

Todas as persoas maiores de 65 anos están invitadas a participar nas excursións e rutas de sendeirismo que organizará o Concello.

O acto de presentación do programa será o xoves 9 de abril, ás 20:00 horas, na Fábrica. Posteriormente, a través dos distintos medios de comunicación municipais, informarase debidamente das excursións existentes, dos prazos de inscrición...

Cursos de móbiles e informática para maiores

Para reducir as dificultades no uso de móbiles, seguen a organizarse obradoiros para maiores de 65 anos. Durante os próximos meses celebraranse distintos cursos nas casas do pobo de Perillo, Dorneda e Nós. Para apuntarse haberá que chamar ao 981 610 000 en horario de 4 a 6 da tarde, desde o día 9 de marzo. O prezo é de 15 euros/curso.



Máis bailes nas Casas do pobo os sábados

Continúa a celebrarse os sábados pola tarde nas distintas casas do pobo a actividade **De Baile en Baile**. De 17 a 20 horas ábreanse de forma rotatoria algúns destes espazos, con dúos ou solistas para que se encontren e bailen persoas maiores de 65 anos de todo o municipio.

PRÓXIMAS DATAS:

- **Sábado 14 de marzo:** Casa do pobo de Dexo
- **Sábado 21 de marzo:** Casa do pobo de Iñás
- **Sábado 28 de marzo:** Casa do pobo de Nós
- **Sábado 11 de abril:** Centro cívico de Santa Cruz
- **Sábado 18 de abril:** Casa do pobo de Nós
- **Sábado 25 de abril:** Casa do pobo de Iñás



Nova edición do programa Andares por Galicia, con 9 novas rutas culturais, dúas delas familiares

Este programa municipal para persoas maiores de 18 anos combina actividades de sendeirismo en espazos naturais, -tanto de costa coma de interior-, con visitas a museos ou outros lugares de interese cultural, histórico ou patrimonial.



PRÓXIMAS SAÍDAS:

Sábado 28 de marzo:

RUTA POLA SERRA DO FORGOSELO E ALTO DE RACAMONDE

- Lonxitude: 16,5 km
- Dificultade: media

Sábado 25 de abril:

RUTA DA SERRA DO CANDÁN-AS PONTES DO LÉREZ

- Lonxitude: 16,5 km
- Dificultade: media-alta

Sábado 23 de maio:

RUTA POLO PARQUE NATURAL DA SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA

- Lonxitude: 12,4 km
- Dificultade: media

Sábado 20 de xuño:

RUTA POLO PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO

- Lonxitude: 13 km
- Dificultade: media-baixa

Sábado 26 de setembro:

RUTA DE PENA GUÍMARA NA FONSAGRADA

- Lonxitude: 11,5 km
- Dificultade: media-alta

Sábado 24 de outubro:

RUTA POLO SOLPOR DA COSTA DA MORTE

- Lonxitude: 16,5 km
- Dificultade: media

RUTAS FAMILIARES:

Sábado 9 de maio:

RUTA FAMILIAR A TERRA CHÁ

- Lonxitude: 6 km
- Dificultade: baixa

Sábado 17 de outubro:

RUTA FAMILIAR CASTELO DE SAN PAIO DE NARLA

- Lonxitude: 9,2 km
- Dificultade: baixa

Todas as saídas contan con educadores/as especializados/as e ofértanse 40 prazos. As persoas interesadas poderán inscribirse a través da Sede Electrónica cun prazo aproximado de 10 días antes da celebración de cada ruta.

Actividades infantís do programa Apego

- **O Monstro de Cores**, de A Xanela do Maxín
14 de marzo, ás 18.00 h, A Fábrica
Persoas destinatarias: + 2 anos



- **Arrolar**, de Fundación Legar
- **A metamorfose**: do verme á bolboreta
22 de marzo, ás 12.00 h no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo
Persoas destinatarias: de 0 a 3 anos

- **Viaxes e cancións dos ratos de Lonxedetodo**, de trinke Trinke
12 de abril, ás 12.00 h na Fábrica
Persoas destinatarias: + 3 anos

- **Viaxe cósmica con Maruja Mallo**, impartido por Isabel Gómez
17 e 24 de abril e 8 de maio ás 16:30 e ás 18.00h
Escola Municipal de Olería
Persoas destinatarias: de 1 a 3 anos (16.30h), de 4 a 6 anos (18.00h)

- **Os Fíos do Querer**, de Cé Orquestra Pantasma
19 de abril, ás 12.00h, na Fábrica
Persoas destinatarias: de 0 a 3 anos

Festa da Lingua, o 16 de maio nas Torres de Santa Cruz

O Concello de Oleiros organiza unha gran festa da lingua o sábado 16 de maio nas no centro cultural As Torres de Santa Cruz.

PROGRAMACIÓN:

- 11.00 e 12.00 h: Momento musical para bebés, de Lydia Botana
Público: familias con crianzas de 0 a 3 anos
- 12.30 h: Carapuchiña, de Pedras de cartón
Público: crianzas +4 anos
- 16.00 h: Xogos, de Anacos educativos
- 17.00 h: Levántate Xan, de Caxoto
Público: público familiar de 0 a 3 anos
- 18.00 h: Maxia, a cargo do mago Joshua Kenneth
Público: familiar
- 19.00 h: Concerto: A Banda dos insectos
Público: maiores de 3 anos

Contacontos e actividades infantís en todas as bibliotecas municipais ata o verán

“As 7 bibliotecas municipais de Oleiros acollerán durante os próximos meses 52 sesións de diferentes actividades infantís, contacontos, concertos, obradoiros... outra iniciativa máis de dinamización cultural dirixida a nenos e nenas para fomentar a lectura, o coñecemento e o lecer.

Case todas as actividades terán lugar ás 17:30 horas. Para participar é necesario reservar praza (de forma presencial nas bibliotecas, chamando por teléfono ou na web do Concello en www.oleiros.org/bibliotecas/inscribete), desde 10 días antes da data de realización de cada unha das actividades.

Haberá sesións dirixidas a públicos de 2 a 4 anos e outras para maiores de 5 e 6 anos. A programación e o calendario concreto de actividades por bibliotecas pode consultarse na web municipal.

Nas actividades propostas contarase con compañías como Trémola Teatro, Tarabelos Teatro, A Xanela do Maxín ou Trinke-trinke Teatro; contadoras/es de contos como Charo Pita, Ramiro Neira, Iseo a Moura, Raquel Crespo, Olga Abad, Ariadna Ligerio, Soraya Lema, Pablo Díaz e Raquel Queizás; e os obradoiros serán a cargo de Ciencia Kids, Patricia Cameán e Laura Caneira.



Nova campaña de promoción da lectura cos centros de ensino

O Concello organiza este curso 86 sesións nas bibliotecas para 3.100 alumnos e alumnas dos centros de ensino público. Serán visitas guiadas á Biblioteca Central Rialeda, formacións, obradoiros e narracións de contos. Ademais de Rialeda, tamén haberá actividades nas bibliotecas de Santa Cruz, Oleiros e Mera.

Consolídase o programa *Ler para saber: A CIENCIA*



A Biblioteca Central Rialeda acolle o programa ***Ler para Saber: A CIENCIA***, charlas de divulgación científica dirixidas a público en xeral a partir de 10 anos.

Os obxectivos do programa *Ler para saber* son achegar a ciencia a todas as persoas, ampliar os coñecementos científicos da cidadanía, fomentar a lectura e consultas sobre temas relacionados coa ciencia e o coñecemento específico dunha materia determinada ademais de dinamizar os fondos bibliográficos sobre estes temas nas bibliotecas municipais.

O programa de charlas de divulgación científica, iniciouse en de febreiro, e continuará con 4 charlas máis:

- **Día 13 de marzo:** “O museo e os seus obradoiros” con Fernando Luis Fontes Blanco, Director do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía -Muncyt-

- **Día 10 de abril:** “Citeconto que facemos!” con Fernando Martínez Abella, Director Científico do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil – CITEEC-

- **Día 8 de maio:** “Explorando o universo microscópico” con Elena Fernández González, Graduada en Bioloxía. Investigadora predoutoral.

- **Día 5 de xuño:** “Microbioma e saúde” con Margarita Poza Domínguez, Investigadora en Microbioloxía do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña e Profesora de Microbioloxía da UDC.

Todas as charlas teñen lugar na biblioteca Rialeda ás 18:30 horas e a entrada é de balde.

Cultura de calidade para todas e todos

TEATRO

UN TAL ROMEO A Ramboia

- Sábado 14 de marzo
ás 20:30h

Auditorio Gabriel
García Márquez (Mera)

Unha ironía metateatral de contrastes e tensión rítmica entre ondas coreográficas arredor dun actor que se prepara para interpretar o papel de Romeo.



TEATRO

O PROCESO Malasombra

- Sábado 21 de marzo
ás 20:30h

Auditorio Gabriel
García Márquez (Mera)

Cándido Pazó constrúe unha peza teatral histórica na que aborda o lawfare, a lingua, a cultura, a identidade...



A venda de entradas anticipadas para os espectáculos teatrais no auditorio municipal Gabriel García Márquez, poderán adquirirse a través da billeiteira electrónica en www.giglon.com ou na billeiteira do auditorio unha hora antes do comezo de cada un dos espectáculos.

TEATRO

MEMORIA DUN NENO LABREGO Constraproducións

- Sábado 11 de abril
ás 20:30h

Auditorio Gabriel
García Márquez (Mera)

O espectáculo dálle vida aos episodios máis representativos da novela de Neira Vilas: o maltrato escolar, a perda do amigo, a frustración do primeiro amor, a dureza do traballo, a emigración...



TEATRO

ALTA COSTURA Elefante Elegante

- Sábado 18 de abril
ás 20:30h

Auditorio Gabriel
García Márquez (Mera)

ALTA COSTURA retrata o percorrido da produción da roupa desde a orixe da materia prima empregada na fabricación dos tecidos ata a confección das pezas, a súa distribución e a perversidade dos mecanismos de reciclaxe.




Festa do Libro na Rúa, o 26 de abril no Parque José Martí

O Concello e a librería Mar de Letras organizan o último domingo de abril a III Festa do Libro na Rúa en Santa Cristina. Haberá contacontos, espectáculos infantís, coloquios, obradoiros, concertos, e máis de 30 postos de venda. Participarán tamén a Asociación Galega de Escritores e diversos autores e autoras que estarán vendendo libros e asinando de 12.00 a 19.30 h.



La Otra, no Festival Elas son Artistas

A novena edición do ciclo metropolitano pola igualdade na música e nas artes chegará a Oleiros o venres 24 de abril, ás 21:00 horas. Será cun concerto na Fábrica da artista madrileña **La Otra**. Con máis de 700 concertos na súa traxectoria, acaba de compartir escenario con Manu Chao. Letras que falan de identidade, afectos, saúde mental... destaca pola súa profundidade poética e o intimismo. Entre as súas colaboracións están artistas como Rozalén, El Kanka, Pascuala Ilabaca ou Rupatrupa.



TRIBUNA ABERTA

Na comarca da Coruña Mera foi e é unha referencia en moitos aspectos. Historicamente tamén o foi no Entroido, especialmente pola existencia de comparsas. Aquí houbo decenas delas: de nenos, de homes e mulleres, máis pequenas, máis numerosas, maxestuosas... Desde tempos inmemoriales viña xente aquí a Mera a escoitalas.

No Entroido meracho, un dos grandes protagonistas foi el, o polifacético Paco Mivida: que destacou como escritor e retranqueiro das comparsas, entre outras moitas cousas.

Para falar de Paco Mivida temos que remontarnos á década dos 50. Naqueles tempos do cuplé, irrumpía no Entroido meracho un mozo da Rúa Cividanes. Era Francisco Álvarez García, Paco Mivida, que cun grupo de amigos empezaba a cantar polo pobo adiante as letras que el escribía. Pero eran tempos de censura e caciques, e non llas deixaron cantar, e iso que non eran temas políticos: trataban de asuntos cotiás, da mocidade, do fútbol...

Nesa primeira etapa Paco Mivida fundou o Coro Parameiras e cunha ducia de amigos cantaron por toda a bisbarra. Despois, tras asistir na Coruña aos Apropósitos de Nito (aquelas pezas teatrais breves e satíricas propias do Entroido coruñés), entroulle o gusanillo e fundou as chamadas Retrancas de Mera, grupo que durante varios anos

percorreu a comarca das Mariñas interpretando temas locais e tamén foráneos. As Retrancas eran nese formato teatral tan propio do entroido da época, con composicións en prosa e en verso, e incluso tamén con algunha cantiga de letra propia.

Na década dos 60, falaban do aeroporto de Alvedro, da fonte dos Catro Camiños, da expropiación de Canide, e da maneira que tirara media estrada fronte á Farmacia de Mera. Unha exquisitez de crítica pura e dura.

Despois viñeron os anos 70 e o Entroido morreu. Xa non había comparsas, tan só uns choqueiros, ata que no ano 1972, un mercante queda varado na praia de Bastiagueiro. Ese barco traía madeira, fariña, tabaco, miles de latas de manteiga,... pero tamén uns bidóns de pesticida, que ao bater contra os cantís rompían, provocando a morte de centos de peixes. Pois ben, Paco Mivida tomou boa nota da traxedia e fixo unha obra de teatro, a que chamou "Operación Bidón", e con Retrancas de Mera fixo as ledicias do público por toda a comarca, sendo un éxito total.

Nos anos 80 o Entroido resucitou, volveron as comparsas, e Paco ademais de ser letrista para unha comparsa de Sada, montou xunto cuns amigos a "Comparsa Os Merachos" que tivo unha grande aceptación, percorrendo infinidad de pobos e as rúas da Coruña, onde

conseguiu varios premios. Pero sen deixar a súa querida "Retrancas de Mera", coa que tamén actuaron no Teatro Colón nos "Apropósitos de Nito", deixando moi bon sabor de boca e o listón moi alto, tanto pola crítica, como pola posta en escena. Todo un éxito.

Nos anos 90 Paco Mivida seguiu a escribir letras para outras formacións que saían no Entroido, sempre cunha escritura coidada e ben versada. Ata se atrevía coa poesía.

Paco Mivida, pasará a historia do Concello de Oleiros e da comarca da Coruña, por ser un home moi polifacético. Ademais de destacado letrista de comparsas de Entroido, cunha retranca fina e sutil; tamén será lembrado sempre en toda Galicia grazas á súa participación na Televisión de Galicia, onde tan ben contaba aqueles chistes que o caracterizaban, que lle serviron para ganar un concurso e traer o coche que daban de premio. Quen non se ten rido ou chorado de risa coa obra do Estebiño?

Foi moitísimo o que aportou Paco Mivida á cultura e ao entroido meracho, oleirense e coruñés; ademais da súa incuestionable calidade.

Moitas grazas Paco! Contigo ata sempre nos nosos corazóns!!

Anónimo. Mera

Concello de Oleiros: 981 610 000

Oficina de atención ao veciño • de luns a venres de 8 a 20 h

Policía Local (24 horas)	981 610 001	Centros municipais de actividades	
Garda Civil de Oleiros	981 610 067	Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Garda Civil urxencias	062	Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Emerxencias Oleiros	981 636 933	Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Xulgado	981 610 824	Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Servizo de augas	981 610 602	Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Recadación municipal	981 635 603	Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274	Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405	Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Urxencias médicas (24 horas)	061	Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901	Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Centro Saúde Perillo	981 638 731	Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768	Escola Municipal de Danza	981 639 688
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188	Escola Municipal de Música	981 639 143
Casa do Mar de Mera	981 628 544	Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Oficina Turismo	981 904 052	Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706	Bibliotecas	
El A Pardela / Os Regos	981 631 788	Central Rialeda / Perillo	981 639 511
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446	Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
El A Braña / Mera	981 617 505	Mª José Trincado / Mera	981 628 507
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921	Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858	Manuel María / Oleiros	981 610 700
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845	Ánxel Fole / Nós	981 664 257
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344	Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130	Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801		
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324		
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270		
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947		

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 26 de febreiro

DEXO (Santa María)	1.524
DORNEDA (San Martiño)	3.895
IÑÁS (San Xurxo)	1.324
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.461
MAIANCA (San Cosme)	1.751
NÓS (San Pedro)	5.078
OLEIROS (Santa María)	3.444
PERILLO (Santa Leocadia)	9.330
SERANTES (San Xulián)	1.725
TOTAL	39.532

FARMACIAS de GARDA marzo / maio do 2026

- SANTA CRUZ** • Francisco Comesaña 4-6: **Do 6 ao 13 de marzo**
- ARILLO** • Avda. República Argentina, 106: **Do 14 ao 20 de marzo**
- OS REGOS** • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4: **Do 21 ao 27 de marzo**
- SANTA CRUZ** • Rúa Viñas de Babilonia, 10: **Do 28 de marzo ao 3 de abril**
- PERILLO** • Avda. Ernesto Che Guevara, 16: **Do 4 ao 10 abril**
- LORBÉ** • Rúa Golfiño, 117-A: **Do 11 ao 17 abril**
- IÑÁS** • Avda. das Mariñas, 54, Parque Oleiros: **Do 18 ao 24 abril**
- PERILLO** • Rúa Areal 17: **Do 25 abril ao 1 de maio**
- OLEIROS** • Camilo Díaz Baliño, 1: **Do 2 ao 8 de maio**
- MERA** • Praza de Miramar, 4: **Do 9 ao 15 de maio**

TRANSPORTE PÚBLICO: www.bus.gal

Radio TAXI: 981 24 33 33

Quién te ha visto... y quién te ve



ILLA DE PORTELO



A Costa Libre da que hoxe gozamos en Oleiros é o resultado da política de recuperación de espazos públicos do Goberno municipal. Baixo o amparo da Lei de Costas e do Plan Xeral, fóronse eliminando construcións ilegais, concesións obsoletas do Estado, chiringuitos, peches lindeiros cos cantís, praias privatizadas,...

Unha das demolicións máis simbólicas realizouse o 15 de maio de 1989, cando o Concello procedeu á voladura con 10 kg de goma 2 do chalé ilegal construído sobre a Illa de Portelo por parte do presidente do Opus Dei en Galicia. En vez desa ostentosa residencia dunha familia privilexiada polo franquismo, hoxe acougan na illa os paxaros e florecen as herbas de namorar. A operación complementouse coa paralización do proxecto de urbanización de Canide, onde se pretendían construír 1.700 vivendas, hoteis, casino, porto deportivo,...

Oleiros referente internacional



“O singular modelo político desenvolvido polo Goberno municipal segue a suscitar admiración e interese xa non só noutros territorios do Estado español, senón tamén en moitos outros países do mundo. Importantes medios de comunicación de Colombia, Arxentina, Uruguai, Bielorrusia, Portugal, Cuba, Chile, Estados Unidos, México... fixéronse eco nas últimas semanas de distintas informacións relacionadas con iniciativas do Concello.

4 SENDEIROS AZUIS EUROPEOS

O último dos recoñecementos foi a declaración como sendeiros azuis europeos do paseo fluvial de Iñas e Nós, os paseos e parques costeiros, o Monumento Natural e o Bosque de Xaz. O elevado número de quilómetros de paseos e sendeiros existentes a carón do mar ao longo de todo o litoral, a desprivatización e conservación do Bosque de Xaz e a creación e apertura do paseo fluvial do rego de San Pedro fai posible este importante recoñecemento.

A entidade europea ADEAC, que entrega estes prestixiosos galardóns; analiza a preservación e mellora das condicións ambientais existentes, a seguridade e facilidade de uso para os visitantes, e unha xestión integrada e coherente dos valores naturais, históricos, culturais e etnográficos.



EXEMPLO PARA PORTUGAL

Nos próximos días Oleiros tamén será protagonista dun importante evento de ámbito nacional en Portugal, que se celebra na cidade de Oporto e no que participarán destacados dirixentes políticos de distintas administracións portuguesas. O prestixioso Instituto de Cidades e Vilas com Mobilidade solicitou a participación do Goberno municipal no seu congreso anual para coñecer de primeira man o modelo urbano de Oleiros, como referente na creación e xestión do espazo público e dun urbanismo humanista.

